



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ANUNCIO

**PROCESO DE SELECCIÓN, CONVOCATORIA EXCEPCIONAL POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DUNHA PRAZA DE CONDUTOR/A (GRUPO IV) DO CONCELLO DE PONTEDEUME. (COD. RPT. 05.01.00.03.07)**

.....//.....

Por parte do tribunal se procede ao chamamento dos aspirantes, co resultado seguinte:

-Abeleira Boutureira Daniel Gregorio.	Non se presentou.
-Carballeira López Domingo Antonio.	Presente para a realización da proba.
-Ferreira Reboredo Juan Manuel.	Non se presentou.

O tribunal lle indica ao aspirante a proba a realizar, consistente en preparar o tractor municipal, para iniciar un desbroce nunha finca, entregándolle as chaves do vehículo.

.....//.....

Rematado o exercicio, o tribunal decide puntuar sobre 1 a 10 puntos, resultado a nota obtida polo aspirante de 9 puntos.

Tal e como se indica no punto 2.2.2. das bases do proceso de selección, que a puntuación máxima deste exercicio será de 48 puntos, a nota final equivalente sería a de 43,20 puntos.

Rematado o proceso de selección polo sistema de concurso-oposición, sumadas as puntuacións acadas polo aspirante tanto na fase de concurso como na oposición e de 95,2 puntos, polo tribunal compróbase que o aspirante aprobado acredita o coñecemento do idioma galego, xa que están en posesión do título Celga 2.

O tribunal por tanto acorda, propoñer á Alcaldía para o seu nomeamento, coa categoría de condutor de vehículos municipais, a don DOMINGO ANTONIO CARBALLEIRA LÓPEZ, con DNI 32\*\*\*46\*\*, por ser o aspirante que acadou a maior puntuación.

Tal e como se indica na base 12ª "Bolsas" Listas para seleccionar persoal laboral temporal das bases da convocatoria:

*"De conformidade coa Disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, elaborárase unha bolsa de persoal temporal que estará formada por aquelas persoas candidatas que, participando no proceso selectivo de estabilización en non superando este, obteñan unha puntuación mínima do 50% da puntuación total do concurso."*

Visto que o resto das persoas candidatas non se presentaron ás probas da oposición, non se constitúe listaxe de reserva algunha.

Documento asinado pola Secretaria do tribunal, Dona Ana Ramos Ramos.

